

NOVA ORDE, NOVO RECORTE: LICENZAS POR FORMACIÓN

O tipo de educación que se pretenda ofrecer ao alumnado determina e configura, sen dúbida, a formación do profesorado. Partindo desta premisa resulta moi revelador analizar a política e os modelos de formación do profesorado da actual consellaría de educación, sendo especialmente significativa as modificacións realizadas na orde de licenzas por estudo, na que se pasou de poder solicitar unha licenza para o curso 10-11 para elaborar recursos educativos de calquera das materias e modalidades... á que o 90% das mesmas estean destinadas para a elaboración de material curricular dixital e para a formación do profesorado, preferentemente non especialista, en inglés. O fracaso desta viraxe na convocatoria, deseñada á medida dos “plans estrela” da consellaría e de costas ás demandas e necesidades do profesorado, reflíctese nas cifras de cobertura das prazas ano tras ano, como podemos ver na táboa de datos da convocatoria do curso 12-13:

<i>Modalidade de licenza</i>	<i>Oferta de prazas</i>	<i>Prazas concedidas</i>	<i>Porcentaxe cuberta</i>
1. Proxectos individuais para a creación de materiais curriculares dixitais.	60 meses	<u>1</u> x 3 = 3 meses	5%
2. Grupo de traballo de dous membros para a creación de materiais curriculares dixitais	120 meses	<u>18</u> x 3 = 36 meses	30%
3. Proxecto individual para a creación de materiais curriculares para as ensinanzas de formación profesional	30 meses	<u>12</u> x 3 = 36 meses	120%
4. Grupo de traballo de dous membros para a creación de materiais curriculares para as ensinanzas de formación profesional	90 meses	<u>8</u> x 3 = 24 meses	27%
5. Grupo de traballo de dous membros para a creación de cursos non presenciais	60 meses	<u>7</u> x 2 = 14 meses	23%
6. Perfeccionamento en linguas estranxeiras no exterior.	240 meses	<u>7</u> x (1-3)= Entre 7 e 21 meses	3% - 9%

Xa no ano 2011 o STEG denunciou a ausencia de argumentos pedagóxicos ou de calidade educativa para eliminar as modalidades formativas adaptadas ás necesidades diversas do profesorado e do alumnado a favor da formación en inglés, para facilitar a aplicación do decreto de Plurilingüismo que desde o comezo tivo problemas ao carecer do profesorado necesario para a súa mínima implantación, e da elaboración de materiais curriculares dixitais encamiñados a dotar ao programa ABALAR dos contidos dos que carece. Ambas modalidades están recollidas nesta orde e seguen sendo o obxectivo único da mesma.

O prezo pagado en calidade educativa é a todas luces intolerable, e desde o STEG así o denunciaremos ante o profesorado e o resto da sociedade. Estamos ante o exemplo de que, ao poñer o “carro diante dos bois” con estes dous plans “estrela”, esta consellaría está disposta a levarse por diante a calidade educativa.

A actual convocatoria repite os erros denunciados nos últimos anos, co agravante de darse nun contexto de redución drástica do orzamento destinado á formación do profesorado. A Xunta ten reducido no capítulo de formación e perfeccionamento do profesorado nun 41 % desde que goberna o PP. Desta medida non se salva nin a FP, supostamente prioritaria no modelo educativo do goberno, á que se lle aplica un recorte do 30.

Desde o STEG denunciaremos tamén que a elaboración de materiais escolares para os que se conceden as licenzas non teñen por que ser presentados en galego, a pesares de ser evidente que a oferta de materiais existente, dixitais ou non, é moito máis reducida na nosa lingua. Un exemplo máis de que a racionalidade na xestión da que tanto se gaba este goberno non existe cando se trata de facer retroceder a presenza do galego no ensino...

A intensidade destes recortes fai absolutamente intolerable que a Consellaría non rectifique do que sen dúbida ten sido o seu maior fracaso en formación do profesorado e volva a presentar ao profesorado unha oferta de licenzas completamente de costas ás demandas docentes de formación.

Ante este sensentido, o STEG exixirá ao Presidente da Mesa Sectorial de Educación a retirada de esta orde por non responder ás demandas formativas do profesorado.